

MATERIA

Dereito Penal, Parte Especial - Delitos contra a orde socioeconómica e a comunidade

TITULACIÓN

Grao en Dereito

unidade
didáctica
2

Ciencias Sociais e Xurídicas

O delito de financiamento ilegal dos partidos políticos

Natalia Pérez Rivas

Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
Facultade de Dereito

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2020

Deseño e maquetación
J. M. Gairí

Edita
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

ISBN
978-84-17595-89-0

DOI
<https://dx.doi.org/10.15304/9788417595890>

MATERIA: Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a orde socioeconómica e contra a comunidade

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE I

1. Delitos contra a orde socioeconómica.
2. Financiamento ilegal dos partidos políticos.
3. Delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social.
4. Delitos contra os dereitos dos traballadores.
5. Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros.
6. Delitos relativos á ordenación do territorio e a protección do patrimonio histórico e do medioambiente.
7. Delitos contra a seguridade colectiva

BLOQUE II

8. Delitos contra a fe pública.
9. Delitos contra a Administración Pública.
10. Delitos contra a Administración de Xustiza.
11. Delitos contra a Constitución.
12. Delitos contra a orde pública.
13. Delitos de traizón, contra a paz ou a independencia do Estado, e relativos á defensa nacional.
14. Delitos contra a comunidade internacional.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Regulación legal
2. Ben xurídico protexido
3. Tipo obxectivo
 - 3.1. Obxecto material
 - 3.2. Financiamento ilegal pasivo
 - 3.2.1. Conduta típica
 - 3.2.2. Suxeito activo
 - 3.3. Financiamento ilegal activo
 - 3.3.1. Conduta típica
 - 3.3.2. Suxeito activo
4. Tipo subxectivo
5. Penalidade
6. Circunstancias agravantes
 - 6.1. Tipo agravado
 - 6.6.1. Agravación por razón da contía
 - 6.6.2. Agravación por financiamento de orixe estranxeira
 - 6.2. Tipo hiperagravado

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN

A presente unidade didáctica titulada «O delito de financiamento ilegal dos partidos políticos» concentra os coñecementos básicos sobre unha lección da materia «Dereito Penal, Parte Especial – Delitos contra a orde socioeconómica e a comunidade», impartida non terceiro curso do Grao de Dereito. A súa duración será de tres horas, das cales unha metade corresponderase con unha clase expositiva e a outra con unha interactiva.

Ata o ano 2015, as posibles ilegalidades no financiamento dos partidos políticos eran configuradas como meras infraccións administrativas, pese a constituír un dos ámbitos nos que máis actividade corrupta se rexistraba en España.

Polo que respecta ao eido penal, exceptuados os delitos relativos ao financiamento electoral regulados nos arts. 149-falsidade contable- e 150-apropiación indebida- da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (en adiante LOREX), o lexislador non considerou preciso, nun primeiro momento, a creación dun tipo específico de financiamento ilegal. Pese a iso, non pode dicirse que existise no noso ordenamento xurídico unha auténtica lagoa legal a este respecto, senón que estaríamos máis ben en presenza dun suposto de atipicidade relativa. Algúns deses comportamentos eran castigados a través da aplicación creativa doutros tipos penais (ex. delito fiscal, blanqueo de capitais, suborno, tráfico de influencias, falsidades, malversación do patrimonio público, etc.).

Con todo, a doutrina viña reivindicando a necesidade de tipificar estes comportamentos de forma autónoma sobre a base de catro argumentos principais: i) a existencia dun ben xurídico autónomo digno de protección; ii) a complexidade dos procedementos penais para o castigo destas condutas ao non estar suficientemente claros os tipos criminais que se debían aplicar; iii) a existencia de lagoas na súa punibilidade; iv) a falta de efecto disuasorio das sancións administrativas.

Ante os novos escándalos xurdidos neste eido, o lexislador fíxose eco destas demandas e procedeu a incluír no “Plan de Rexeneración Democrática” a conveniencia da súa tipificación penal en tanto que mal endémico. Finalmente, esta iniciativa plasouse nos arts. 304 bis e ter CP introducidos pola Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo. A nosa atención centrarase no primeiro destes preceptos no cal se regula, propiamente, o delito de financiamento ilegal dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores (en adiante, delito de financiamento ilegal dos partidos políticos).

OS OBXECTIVOS

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado será capaz de:

- Coñecer os elementos que configuran o delito de financiamento ilegal do partidos políticos.
- Identificar e analizar criticamente os principais problemas prácticos que se derivan da actual regulación deste delito.

- Debater xuridicamente sobre distintas propostas para resolver as lagoas punitivas detectadas.
- Manexar con destreza os textos legais, a xurisprudencia e a bibliografía científica como ferramentas de información que faciliten a resolución das dúbidas.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

O método que se empregará para alcanzar eses obxectivos será, principalmente, o expositivo. Ao longo dunha hora e media, seguindo o modelo da clase maxistral, desenvolverase o contido teórico xeral do tipo delituoso que abarcará os seguintes aspectos: o ben xurídico que se aspira a protexer, os elementos obxectivos e subxectivos que presenta a súa redacción típica, as circunstancias agravantes e atenuantes, as relacións con outras figuras delituosas, así como as concretas sancións penais previstas. Ben é certo que o cambio de paradigma educativo que supuxo a adaptación ao Espazo de Educación Superior Europeo (EEES) esixe a reformulación da función docente e a reorientación da aprendizaxe dos estudantes, que pasan de ser meros receptores pasivos de información a converterse nos protagonistas da súa formación. Neste senso, a metodoloxía clásica de ensino-aprendizaxe será complementada, nunha aula interactiva dunha duración de hora e media, coa aprendizaxe baseada en casos. O «caso» como método de explicación, ademais de servir de elo entre o problema práctico e a explicación teórica, persegue como obxectivo fundamental desenvolver a capacidade de argumentación e de crítica dos estudantes, ao propio tempo que lles ofrece a posibilidade de avaliar, por si mesmos, o grao de comprensión do contido de cada materia que van alcanzando.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Regulación legal

O delito de financiamento ilegal dos partidos políticos regúlase no Título XIII bis do Libro II do Código penal, concretamente, no seu art. 304 bis.

De conformidade con dito precepto:

«1. Será castigado cunha pena de multa do triplo ao quántuplo do seu valor, o que reciba doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores con infracción do disposto no art. 5.1 da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

2. Os feitos anteriores serán castigados cunha pena de prisión de seis meses a catro anos e multa do triplo ao quántuplo do seu valor ou do exceso cando:

- a) Se trate de doazóns recollidas no art. 5.1, letras a) ou c) da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, de importe superior a 500.000 euros, ou que superen nesta cifra o límite fixado na letra b) daquel precepto, cando sexa esta a infrinxida.

- b) Se trate de doazóns recollidas no art. 7.2 da Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, que superen o importe de 100.000 euros.
3. Se os feitos a que se refire o apartado anterior resultasen de especial gravidade, impoñeráse a pena na súa metade superior, podéndose chegar ata a superior en grao.
4. As mesmas penas impoñeranse, nos seus respectivos casos, a quen entregar doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores, por si mesma ou por persoa interposta, nalgún dos supostos dos números anteriores.
5. As mesmas penas impoñeranse cando, de acordo co establecido no art. 31 bis deste Código, unha persoa xurídica sexa responsable dos feitos. Atendidas as regras establecidas no art. 66 bis, os xuíces e tribunais poderán así mesmo impoñer as penas recollidas nas letras b) a g) do apartado 7 do art. 33».

2. Ben xurídico protexido

A localización sistemática dun concreto tipo delituoso na estrutura do Libro II do Código penal adoita a ser utilizada como indicador do ben xurídico que se tutela. Neste senso, o tipo analizado sitúase entre os delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómico e os delitos contra a facenda e a seguridade social. Este feito parece dotar ao ben xurídico protexido por este delito dun compoñente eminentemente economicista e privado. Ora ben, esta interpretación ten un difícil encaixe entre as razóns alegadas polo lexislador para a súa regulación que se centran na necesidade de reforzar a loita contra a corrupción pública.

Os partidos políticos son unha expresión do pluralismo político na medida en que concorren á formación e manifestación da vontade popular. Son o instrumento fundamental de participación política dos cidadáns nos asuntos públicos (art. 6 CE). En atención ao transcendente da súa función representativa é necesario evitar, no seu exercicio, inxerencias externas que busquen favorecer intereses meramente privados que destorzan a vontade popular e quebranten, en consecuencia, a confianza dos cidadáns no actual sistema. Doutra banda, a existencia dun réxime de financiamento xusto e transparente resulta clave para minimizar as prácticas corruptas e garantir, ao mesmo tempo, a igualdade de oportunidades entre todas as forzas políticas. Resulta claro que aqueles partidos políticos que teñen maiores recursos financeiros -legais e ilegais- parten dunha situación de vantaxe na contenda política que lles permiten, entre outras actuacións, o deseño de grandes campañas publicitarias orientadas á súa visibilidade e á captación de votos que redundarán na obtención dun maior número de escanos.

Na nosa opinión, coa regulación do delito de financiamento ilegal dos partidos políticos preténdese tutelar o normal desenvolvemento das funcións constitucionalmente asignadas a aqueles fronte a todo elemento que introduza algunha distorsión entre a vontade popular e o exercicio do poder político. A finalidade é garantir o correcto funcionamento do noso sistema democrático.

En atención a iso, desde certos sectores doutriniais avógase por unha modificación da súa localización sistemática a efectos de situalo no marco dos delitos contra a Administración Pública ou, máis axeitado na nosa opinión, nos relativos á Constitución tendo en conta o papel central dos partidos políticos desempeñan no funcionamento dun sistema democrático.

3. Tipo obxectivo

3.1. Obxecto material

O inxusto do art. 304 bis CP céntrase nunha concreta modalidade de financiamento dos partidos políticos: as achegas e doazóns privadas destinadas a sufragar os seus gastos de funcionamento ordinarios. Durante o período comprendido entre os anos 2007 a 2015, iso representou o 2,49 % da totalidade dos recursos dos partidos políticos.

Os partidos políticos poderán recibir, de acordo cos seus estatutos, cotas e achegas dos seus afiliados así como doazóns non finalistas, nominativas -en diñeiro ou en especie- procedentes de persoas físicas, con arranxo a certos requisitos, condicións e límites (art. 4.1 LOFPP). As doazóns monetarias deberán aboarse en contas abertas en entidades de crédito exclusivamente para devandito fin, debendo quedar constancia da data de imposición, do seu importe así como do nome e identificación fiscal do doador. As doazóns en especie, pola súa parte, entenderanse aceptadas mediante certificación expedida polo partido político na que se faga constar, ademais da identificación do doador, un documento público ou outro documento auténtico que acredite a entrega do ben doado con carácter irrevogable.

Pola contra, non poderán aceptar ou recibir, directa ou indirectamente, as doazóns privadas que a continuación se detallan (art. 5.1 LOFPP): i) as doazóns anónimas, finalistas ou revogables; ii) as doazóns procedentes dunha mesma persoa física, nacional ou estranxeira, superiores aos 50.000 euros anuais. Exceptúanse deste límite as doazóns de bens inmoables efectuadas nos termos anteriormente expostos (art. 4.2.e LOFPP); iii) as doazóns procedentes de persoas xurídicas e de entes sen personalidade xurídica.

Pois ben, para determinar o contido do inxusto do tipo básico do delito de financiamento ilegal, o lexislador remítenos en bloque ao disposto no art. 5.1 LOFPP. Iso supón elevar á categoría de delito unha mera infracción administrativa sen esixir, para elo, ningún elemento adicional de lesividade. En consecuencia, prodúcese un solapamento exacto entrambas as regulacións. Ante esta realidade, a doutrina discute se, no caso de infracción do disposto no art. 5.1 LOFPP, deberá aplicarse unha sanción administrativa (art. 17 bis.2. a LOFPP) ou, pola contra, unha sanción penal (art. 304 bis CP), ao non constar na redacción do tipo penal criterio de delimitación algún.

Mais o certo é que no propio art. 17.1 LOFPP dáse resposta a esta cuestión ao dispoñer que «(...) o Tribunal de Contas acordará a imposición de sancións ao partido político que cometa algunha das infraccións que se tipifican neste artigo, sempre que non constitúan delito». É dicir, cando os comportamentos regulados na LOFPP dean

lugar á comisión dunha infracción administrativa e un ilícito penal, o suxeito será sancionado por esta última vía. En todo caso, sería preferible o establecemento duns límites cuantitativos distintos para a infracción administrativa e para o delito, o que dotaría a este último dunha lesividade propia.

3.2. Financiamento ilegal pasivo

3.2.1. Conduta típica

A conduta típica está constituída polo verbo «recibir». Iso implica a tenza por parte do donatario da disposición material sobre as achegas ou doazóns privadas que lle son entregadas. Xa que logo, conceptúase como un delito de resultado.

En consecuencia, exclúense do seu ámbito típico os comportamentos consistentes en solicitar ou aceptar unha doazón ilegal. Estas accións poderían castigarse como formas imperfectas de execución ou, canto menos, como unha infracción administrativa moi grave (art. 17.2.a LOFPP).

3.2.2. Suxeito activo

O suxeito activo do delito de financiamento ilegal pasivo será quen reciba as doazóns ou achegas destinadas a financiar un partido político. Estas poden ser recibidas ben directamente -por quen teña a capacidade legal de representación no mesmo que será, a este respecto, o responsable da súa xestión económico-financeira (art. 14 bis LOFPP)- ben a través dun intermediario o cal non ten que atoparse, necesariamente, vinculado ao partido político.

A consideración como suxeito activo non se circunscribe, en exclusiva, a quen reciba materialmente esas achegas ou doazóns, senón que comprende a todo aquel que, con capacidade de decisión sobre o funcionamento do partido, consinta en incorporalas a súa masa de bens.

3.3. Financiamento ilegal activo

3.3.1. Conduta típica

O art. 304 bis. 4 CP sanciona «entregar» unha doazón ou achega a un partido político con infracción dos requisitos establecidos no art. 5.1 LOFPP.

A entrega supón facer chegar as doazóns ás entidades antes citadas de tal forma que pasan do ámbito de disposición do doador ao do donatario. Por tanto, non integran o tipo penal as condutas consistentes no mero ofrecemento ou promesa. No obstante, a diferenza do que ocorre coas condutas pasivas de solicitude ou aceptación, estoutros actos de concertación co partido político non están sancionadas na LOFPP. En todo caso, estas accións poderían chegar castigarse como formas imperfectas de execución.

3.3.2. Suxeito activo

O suxeito activo será a persoa física ou xurídica, de nacionalidade española ou estranxeira, que realiza directamente a doazón ao partido político ou, no seu caso, se sirva dunha persoa interposta para levala a efecto vulnerando o previsto na LOFPP.

O doador responderá pola súa actuación, exclusivamente, por vía penal, xa que o ámbito subxectivo de aplicación da LOFPP límitase aos partidos políticos.

4. Tipo subxectivo

O delito de financiamento ilegal é un delito doloso. En todo caso, admítase a concorrencia de dolo eventual ao non esixirse na redacción do precepto que as condutas típicas se realicen a propósito para infrinxir a LOFPP. Tampouco se require a observancia dunha determinada finalidade que puidese dar entrada a un elemento subxectivo do inxusto específico.

5. Penalidade

A comisión dun delito de financiamento ilegal en calquera das súas modalidades -pasivo ou activo- leva aparelhada a imposición dunha pena de multa do triplo ao quántuplo do seu valor. Trátase dunha penalidade de moi baixa gravidade se a comparamos coa dos tipos penais que, tradicionalmente, viñeron aplicándose nestes supostos. Así mesmo, tamén se destaca negativamente o feito de que non estea prevista a imposición dunha pena de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena e para o emprego ou cargo público.

As mesmas penas impoñeranse cando unha persoa xurídica sexa responsable dos feitos (art. 31 bis CP). Atendidas as regras establecidas no art. 66 bis CP, o órgano xudicial poderá tamén acordar o establecemento dalgunha das penas recollidas nas letras b) a g) do art. 33.7 CP (art. 304.bis.5 CP).

Neste punto debemos recordar que, tras a modificación operada no art. 31 bis.5 CP pola Lei Orgánica 7/2012, de 27 de decembro, os partidos políticos están suxeitos á responsabilidade penal das persoas xurídicas. Esta previsión ten por finalidade incentivalos a que asuman un rol activo na prevención dos delitos que se cometen no seu seo, ante a incapacidade do Estado para realizar eficazmente dita función. É máis, os partidos políticos son as únicas persoas xurídicas que teñen a obriga legal de «adoptar nas súas normas internas un sistema de prevención de condutas contrarias ao ordenamento xurídico e de supervisión, aos efectos previstos no art. 31 bis CP» (art. 9 bis LOFP). En todo caso, a correcta implantación destes programas de organización e xestión poderá atenuar e, ata eximilos, de responsabilidade penal (art. 31 bis 2, 4 e 5 CP).

6. Circunstancias agravantes

6.1. Tipo agravado

6.6.1. Agravación por razón da contía

O art. 304 bis.2 a) CP contempla unha agravación por razón da contía nun dobre suposto: i) cando as doazóns recollidas nas letras a) e c) do art. 5. Un LOFPP sexan dun importe superior aos 500.000 euros; ii) cando as doazóns procedentes dunha mesma persoa física sexan superiores aos 550.000 euros anuais.

Nestes casos estímase que, en atención ao montante doado, pódese influír de forma máis efectiva na vontade do partido político en beneficio de intereses particulares. Non obstante, é de criticar o elevado da contía esixida que representa dez veces a cantidade máxima permitida pola LOFPP. Doutra banda, o precepto non aclara se a doazón ten que alcanzar esa contía nunha única entrega ou se poden acumularse as diversas doazóns realizadas ao longo dun determinado período temporal (un ano natural). Unha interpretación coherente co disposto no art. 5.1.b) LOFPP lévanos a defender a segunda das posicións expostas.

Este tipo agravado resultará tamén de aplicación ás doazóns realizadas por persoas físicas estranxeiras que superen as contías ás que fixemos mención anteriormente, dada a expresa remisión que o art. 7.1 LOFPP fai ao art. 5.1 da mesma lei.

A comisión destes feitos será castigada cunha pena de prisión de seis meses a catro anos e multa do triplo ao quíntuplo do seu valor ou do exceso. Obsérvese o notable salto penolóxico que se produce con relación ao tipo básico. O punto de referencia para calcular a multa proporcional coincidirá, no primeiro dos supostos coa contía da doazón, en tanto que, no segundo caso, o valor de partida será o montante que se excede do límite anual dos 50.000 euros.

6.6.2. Agravación por financiamento de orixe estranxeira

De conformidade co art. 7.2 LOFPP, «os partidos non poderán aceptar ningunha forma de financiamento por parte de Gobernos e organismos, entidades ou empresas públicas estranxeiras ou de empresas relacionadas directa ou indirectamente cos mesmos». En caso de facelo, esa conduta será constitutiva dunha infracción administrativa moi grave (art. 17.2. a LOFPP).

Non obstante, ese comportamento será delituoso se o montante da doazón supera os 100.000 euros no marco dun ano natural (art. 304 bis. 2 b CP).

6.2. Tipo hiperagravado

O art. 304 bis.3 CP contempla un tipo hiperagravado que resultará de aplicación cando os feitos regulados no apartado 2 do citado precepto revistan unha «especial gravidade». Con todo, o legislador non estableceu un criterio interpretativo que permita determinar que supostos teñen cabida en dita cláusula agravatoria.

De forma maioritaria, a doutrina estima que a concorrencia desta circunstancia -cuxa observancia queda á discrecionalidade xudicial- virá determinada pola especial relevancia económica da aportación realizada respecto dos límites sinalados no art.304 bis. 2 CP.

Desde posicións minoritarias alúdese a outros posibles criterios tales como «a condición ou circunstancias do suxeito activo sempre que iso non derive na posible apreciación doutra infracción penal», «os termos ou condicións na que se realiza a doazón», «a especial finalidade ou intención que pode ter o doador nos respectivos casos sancionados como delituosos que poida revelar unha contradición evidente co fin social que debe guiar un partido político» ou que «ca acción do autor non sexa meramente ocasional».

De apreciarse esa especial gravidade, impoñerase unha pena de prisión de seis meses a catro anos na súa metade superior, que poderá chegar ata a superior en grao.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

A lección teórica será complementada coa aprendizaxe baseada en casos. A actividade que se propón consta de dúas partes:

1. En primeiro lugar, ao alumnado facilitaráselle, a través da aula virtual da materia, un documento no que se describen catro supostos de feito. Tendo en conta o explicado, deberán proceder a razoar xuridicamente se as situacións descritas resultan ou non penalmente punibles.

Casos prácticos

Suposto A

No marco da operación «Crebacabezas» interveuse diversa documentación da entidade de crédito Banco Nacional. Nela queda acreditado que, durante o ano 2017, o partido Acción Nacional pediu créditos por un valor de dez millóns de euros. Tras unha renegociación, o 10 de xaneiro de 2020, o consello de administración do Banco Nacional decidiu condonar a totalidade da débeda crediticia pendente que ascendía a oito millóns de euros. O 12 de marzo de 2020, os deputados de Acción Nacional, con maioría parlamentaria, votaron en contra dunha reforma da Lei Hipotecaria na que se incluían diversas medidas de gran calado a favor dos clientes bancarios.

Suposto B

O grupo «Resistencia S.A.» é un referente mundial na industria da construción e do desenvolvemento de infraestruturas, tanto civís como industriais. No ano 2019 o citado grupo adxudicouse contratos públicos por un total de 721 millóns de euros. Pois ben, no marco da investigación «AVE» quedou acreditado que, o 23 de febreiro de 2020, Manuela Vázquez entregou a Alba Roca -tesoureira do partido político Acción Nacional- 500 euros en concepto de doazón por parte da empresa, tal e como acordara o seu consello de administración na súa reunión do 12 de febreiro. Como

consta no informe da auditora «Porta Norte», dita contía foi incorporada á masa de bens do partido.

Suposto C

O 27 de decembro, o xornal «Novas Ideas» publicou o cambio de sé do partido Acción Nacional. Esta pasou a situarse no edificio nº 4 do barrio de Salamanca de Madrid ocupando as súas cinco plantas. Segundo o publicado en dito xornal, os expertos cifran o prezo de compra do edificio en corenta millóns de euros. O inmoble foi doado ao partido, a título persoal (patrimonio persoal), por Silvia Martínez quen, ademais de presidenta do grupo «Illa Pancha S.A.», é nai de Mariña Gruñeiro presidenta de «Milleiro S.A.». Dita doazón foi aceptada mediante certificación expedida polo partido na que se fixo constar tanto a identificación do doador como o documento público que acredita a entrega do inmoble con carácter irrevogable.

Suposto D

O grupo «Resistencia S.A.» é un referente mundial na industria da construción e do desenvolvemento de infraestruturas, tanto civís como industriais. No ano 2019 o citado grupo adxudicouse contratos públicos por un total de 721 millóns de euros. Deste xeito, o grupo presidido por Manuela Vázquez eríxese no primeiro contratista tanto para o Estado, como para as CC.AA e as Administracións Locais, cun volume superior á suma dos seus dous inmediatos perseguidores («Illa Pancha S.A.», con 332 millóns de euros e «Milleiro S.A.», con 316 millóns de euros). O 23 de febreiro de 2020, Manuela Vázquez, como persoa física, procedeu a entregar 10 millóns de euros, en concepto de doazón, á «Fundación Máis Acción» vinculada ao partido Acción Nacional. Dita entrega foi formalizada en documento público, sendo comunicada, o 3 de marzo, ao Tribunal de Contas e publicitada na súa páxina web.

2. Rematada a primeira tarefa, e á vista das conclusións acadadas, encomendaráselles a elaboración dunha breve reflexión crítica na que incidan sobre as principais lagoas punitivas que se derivan da actual regulación do delito de financiamento ilegal dos partidos políticos.

AVALIACIÓN

A realización satisfactoria das actividades propostas computarase conxuntamente coas restantes prácticas que o alumnado debe completar ao longo do semestre. Estas representan o 20% da nota global final.

Polo que respecta á concreta valoración da actividade a realizar no marco desta unidade didáctica teranse en conta os seguintes aspectos: o grao de asimilación dos conceptos teóricos, a capacidade para a aplicación práctica de tales coñecementos, a coherencia na argumentación, o pensamento crítico e o axeitado emprego da linguaxe técnica.

BIBLIOGRAFÍA

- BAUCELLS LLADÓS, J., “Corrupción y responsabilidad penal de los partidos políticos”, en *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 20-28, 2018, pp. 1-25.
- “Autorregulación y prevención del delito en los partidos políticos”, en *Revista General de Derecho Penal*, nº 28, 2017, pp. 1-35.
- BUSTOS RUBIO, M., “El nuevo delito de financiación ilegal de partidos políticos”, en *Revista Penal*, núm. 37, 2016, pp. 61-79.
- Corcoy Bidasolo, M. / Gallego Soler, J.I., “De los delitos de financiación ilegal de los partidos políticos”, en Corcoy Bidasolo, M. / Mir Puig, S. (dirs.), *Comentarios al Código Penal. Reforma LO 1/2015 y LO 2/2015*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2017.
- De Miguel Beriain, I., “Los delitos de financiación ilegal de los partidos políticos en el nuevo código penal: ¿un arma eficiente en la lucha contra la corrupción?”, en Ordeñana Gezuraga, I. / Uriarte Ricote, M. (coords.), *Justicia en tiempos de crisis*, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco, Bilbao, 2015 pp. 381-396.
- JAVATO MARTÍN, A. M^a., “El delito de financiación ilegal de los partidos políticos (arts. 304 bis y 304 ter CP). Aspectos dogmáticos, político criminales y de derecho comparado”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, 2017, pp. 1-41.
- “Delito de financiación ilegal”, en Gómez Tomillo, M. (dir.), *Comentarios Prácticos al Código Penal*, Ed. Aranzadi, Pamplona, 2016, pp. 717-729.
- MACÍAS ESPEJO, B., “Sobre la incriminación de la financiación ilegal de partidos políticos en el artículo 304 bis del Código Penal”, en *Cuadernos de Política Criminal*, núm. 119, 2016, pp. 121-156.
- Maroto Calatayud, M., *La financiación ilegal de los partidos políticos. Un análisis político-criminal*, Ed. Marcial Pons, Madrid, 2015.
- “Financiación ilegal de partidos políticos”, en Quintero Olivares, G. (dir.), *Comentario a la reforma penal de 2015*, Ed. Aranzadi, Pamplona, 2015, pp. 755-769.
- Muñoz Cuesta, J., “Delitos de financiación ilegal de partidos políticos”, en *Revista Aranzadi Doctrinal*, 2015, pp. 11-21.
- Nieto Martín, A., “Delito de financiación ilegal de partidos políticos”, en Cortés Bechiarelli, E. / Nieto Martín, A. / Núñez Castaño, E. / Pérez Cepeda, A.I. / Gómez Rivero, M^a.C. (coords.), *Nociones fundamentales de derecho penal: parte especial*, Ed. Tecnos, Madrid, 2015.
- NÚÑEZ CASTAÑO, E., “Sobre la legitimidad de la tipificación penal de financiación ilegal de partidos políticos en el marco de la regeneración democrática y la lucha contra la corrupción”, en Gómez Rivero, M^a.C. / BARRERO ORTEGA, A. (dirs.), *Regeneración democrática y estrategias penales en la lucha contra la corrupción*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2017, pp. 731-789.
- “La cuestionable regulación penal de los delitos de financiación ilegal de partidos políticos”, en *Revista Penal*, núm. 39, 2017, pp. 125-153.
- Olaizola Nogales, I., “Las reformas legales relacionadas con la financiación de los partidos políticos en España”, en Jareño Leal, A. / Doval País, A. (dirs.),

- Corrupción pública, prueba y delito*, Ed. Thomson Reuters-Aranzadi, Pamplona, 2015, pp. 253-284.
- “El delito de financiación ilegal de partidos políticos en la reforma del CP”, en *Diario La Ley*, núm. 8516, 2015, pp. 1-6.
- “Medidas de regeneración democrática. La nueva regulación de la financiación de los partidos políticos en España”, en *Estudios de Deusto: revista de la Universidad de Deusto*, vol. 63 (1), 2015, pp. 327-358.
- La financiación ilegal de los partidos políticos: un foco de corrupción*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2014.
- Puente Aba, L.M^a., *El delito de financiación ilegal de partidos políticos*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2017.
- “Financiación ilegal de partidos políticos (art. 304 bis CP)”, en González Cussac, J.L. (dir.), *Comentarios a la reforma del Código penal de 2015*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2015, pp. 949-960.
- PEREZ RIVAS, N., “El delito de financiación ilegal de los partidos político (art. 304 bis CP)”, en BLANCO VALDÉS, R.L. / VÁZQUEZ-PORTOMEÑE SEIJAS, F. (dirs.), *Nuevos instrumentos jurídicos en la lucha contra la corrupción pública: propuestas desde el Derecho Penal y el Derecho Constitucional*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2020, pp. 105-126.
- REBOLLO VARGAS, R., “La polémica en el delito de financiación de partidos políticos: las puertas continúan abiertas”, en *Estudios Penales y Criminológicos*, vol. 38 (núm. extr.), 2018, pp. 59-100.
- “El delito de financiación ilegal de partidos políticos. (Problemas interpretativos y atipicidades)”, en GARCÍA ARÁN, M. (dir.), *Responsabilidad jurídica y política de los partidos en España*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2018, pp. 309-343.
- SÁINZ-CANTERO CAPARRÓS, J.E., “Los delitos de financiación ilegal de los partidos políticos”, en MORILLAS CUEVA, L. (dir.), *Estudios sobre el Código penal reformado. Leyes Orgánicas 1/2015 y 2/2015*, Ed. Dykinson, Madrid, 2015, pp. 659-689.
- SIERRA LÓPEZ, M^a.V., “El delito de financiación ilegal de partidos políticos: ¿Mayor eficacia en la lucha contra la corrupción?”, en Gómez Rivero, M^a.C. / Barrero Ortega, A. (dirs.), *Regeneración democrática y estrategias penales en la lucha contra la corrupción*, Ed. Tirant lo Blanch, Valencia, 2017, pp. 791-825.
- ZUGALDÍA ESPINAR, J.M., “La responsabilidad criminal de los partidos políticos y los sindicatos”, en *Revista de Derecho Penal y Criminología*, núm. 11, 2014, pp. 365-384.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA